

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 433/417

Asunto: Nomeamento de D^a Silvia de Peroy Pereira como Auxiliar Administrativa de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

RESOLUCIÓN

Visto o informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, conformado polo Xerente con data 25.06.2024, de conformidade co artigo 5º.1.k) dos vixentes Estatutos desta Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP de Pontevedra de 06.10.2010) e a delegación do Alcalde-Presidente por Resolución de 4 de xullo de 2023 (BOP de Pontevedra de 14.07.2023),

RESOLVO :

Primeiro.- Nomear funcionaria de carreira da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, na praza de Auxiliar-Administrativa de Administración Xeral (subgrupo C2, escala de Administración xeral, subescala auxiliar), a D^a Silvia De Peroy Pereira, con DNI ***3967**.

Segundo.- Para adquirir a condición de funcionarias de carreira deberá tomar posesión no prazo de un mes a partir da publicación no Diario Oficial de Galicia, con acatamento a Constitución, Estatuto de Autonomía e resto de ordenamento xurídico.

Terceiro.- Publicar esta Resolución na web e no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto.- Informar que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Administración municipal ou, no prazo de dous meses, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Vigo, na data das sinaturas electrónicas

María José Caride Estévez,

Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo

DOU FE, José Villán Fuertes, Secretario da XMU